



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 17 de novembro de 2017, da convocatoria do proxecto piloto RADIO NA BIBLIO, para a introdución da radio nas bibliotecas de centros públicos integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares que matriculan alumnado de educación infantil, primaria e secundaria, para o curso 2017/2018.

Con data do 17 de outubro de 2017, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública, a través do Portal Educativo, a convocatoria do proxecto piloto “Radio na biblio”, dirixida a estimular o desenvolvemento do modelo de biblioteca cara a “centros creativos de aprendizaxes”, e promover a creación de emisoras/laboratorios de radio no contexto das bibliotecas escolares, co fin de favorecer proxectos de educación das competencias informacionais e mediáticas do alumnado. Buscábase, así mesmo, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. Apuntábase a posibilidade de que o desenvolvemento dun laboratorio de radio na biblioteca escolar puidese estar asociado a un programa de voluntariado existente na propia biblioteca.

A convocatoria ía dirixida aos centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2017/2018, que matriculan alumnado de ensino infantil, primaria, ESO, bacharelato ou formación profesional. Contemplaba a selección de **20 bibliotecas escolares** para a súa participación no proxecto “Radio na biblio” durante o curso 2017/2018.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes polos centros interesados, con data 6 de novembro reúnese a comisión de valoración prevista no apartado 4 da convocatoria e elabora unha proposta de selección de centros, tras analizar que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos e segundo os criterios previstos:

- Valoración acadada pola memoria da biblioteca no pasado curso 2016/2017 (ou polo proxecto presentado, no caso dos centros de nova incorporación na última convocatoria PLAMBE), priorizando aqueles centros que presentan unha actividade media-alta.
- Localización: terán prioridade os centros localizados en concellos de ámbito rural, procurando unha distribución equilibrada polo territorio galego. A estes efectos acudíuse á clasificación dos concellos galegos realizada polo IGE (Instituto Galego de Estatística), en base á densidade de poboación.

De acordo coa proposta formulada por esta comisión de valoración e de conformidade cos apartados 1, 3 e 4 do texto da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar de entre as solicitudes presentadas que se axustan aos requisitos da convocatoria e tendo en conta os criterios previstos, un total de **20 centros públicos**, para a súa participación no proxecto piloto “Radio na biblio”, a desenvolver durante o curso escolar 2017/2018, segundo a relación que aparece recollida no anexo I.

Segundo.- As bibliotecas seleccionadas programarán, segundo o seu contexto, a posta en marcha do laboratorio de radio, a formación que se inclúe no proxecto para o alumnado que



o equipo de biblioteca propoña, así como a integración desta iniciativa na programación xeral da biblioteca.

Terceiro.- A contía asignada pola participación neste proxecto deberá destinarse á posta en marcha das actuacións que supoña, incluíndo a realización do obradoiro formativo para o sector do alumnado que se estime conveniente, procurando a continuidade do proxecto a medio prazo.

Os centros contarán co apoio da Asesoría de bibliotecas escolares, que orientará o seu desenvolvemento, realizará o seguimento oportuno, especialmente das actividades de formación, e poñerá á súa disposición recursos de apoio necesarios.

Cuarto.- As bibliotecas participantes deberán entregar ao finalizar o curso, unha breve memoria das actividades desenvolvidas (máximo 2 páxinas e até 5 imaxes anexas). Así mesmo, achegarán unha produción sonora elaborada polo alumnado no contexto do proxecto “Radio na biblio”, acompañada dunha descrición do proceso debidamente documentado (contexto, contido, tarefas, guión, participantes...), para a súa difusión nun espazo web específico que se creará a tal efecto.

O prazo para a presentación da memoria e dos materiais referidos rematará o **10 de xullo de 2018**. Xunto coa memoria entregárase unha xustificación económica segundo modelo que se facilitará previamente. Toda esta documentación deberá remitirse en formato PDF a través do seguinte enderezo: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog?q=node/1019> Coa mesma data cubrirase o formulario web para recoller datos de valoración do proxecto que lles será remitido, coas instrucións pertinentes, desde esta Dirección Xeral (Asesoría de bibliotecas escolares).

Quinto.- Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional (<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>).

Cando os centros fagan difusión das actividades desenvolvidas no laboratorio de radio da biblioteca nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e incorporar a imaxe do programa que lles será remitido desde esta dirección xeral en breve.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



José Manuel Pinal Rodríguez



ANEXO I

Proxecto "Radio na biblio": Centros seleccionados. Curso 2017/2018				
Código	Centro	Concello	Provincia	Asignación (€)
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	Coruña (A)	2.000
15007621	CPI Plurilingüe Cabo da Area	Laxe	Coruña (A)	2.000
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	Coruña (A)	2.000
15008490	CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos	Coruña (A)	2.000
15009810	CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío	Muros	Coruña (A)	2.000
15027691	IES de Porto do Son	Porto do Son	Coruña (A)	2.000
15026777	CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Santa Comba	Coruña (A)	2.000
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	Coruña (A)	2.000
27010155	CEIP da Pobra de Brollón	Pobra do Brollón (A)	Lugo	2.000
27012474	CEIP Plurilingüe Virxe do Carme	Sober	Lugo	2.000
32006358	CEIP do Xurés	Lobios	Ourense	2.000
32014151	CEIP Plurilingüe de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Ourense	2.000
36003480	CEIP de Agolada	Agolada	Pontevedra	2.000
36001550	CEIP Plurilingüe de Carballedo	Cotobade	Pontevedra	2.000
36001707	CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro	Crecente	Pontevedra	2.000
36013618	CEIP de Figueiroa	Estrada (A)	Pontevedra	2.000
36003832	CEIP Valle-Inclán	Grove (O)	Pontevedra	2.000
36014611	CEIP A Lama	Lama (A)	Pontevedra	2.000
36024604	CRA de Meis	Meis	Pontevedra	2.000
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	Rosal (O)	Pontevedra	2.000

